

CONTO DOS AVÓS

Os meus avós son algo moi importante para mín. Agora só teño as dúas avoas porque os avós morreron pero cheguei a coñecelos e eran auténticos.

O meu avó materno, que era moi "manitas" e dábaselle moi ben o bricolaxe chegou a facerme unha carrilana e unha casiña de madeira e tamén un bambán que subía moi alto. Era moito!!!

O outro avó era un home moi pacífico e bondadoso, axudaba a todos e sempre podías contar con él. Lembro que un día contoume un conto que me gustou moito. Era a historia dunha moza da súa aldea que os seus pais querían casar cun home viúvo que era bastante maior pero moi, moi rico. A moza, que se chamaba Elvira, non estaba disposta a ser a muller daquel vello e pensou un plan para evitar isto. Así fuxiu a outro país de Europa. Alí pasou moitas penurias porque non tiña a ninguén que lle botara unha man e como non sabía o idioma costoulle moito atopar traballo. Por fin, cando xa ía voltar a aldea, atopouno. Era na cociña dun grande restaurante, tiña que traballar moitas, moitas horas e gañaba o xusto para vivir. Así pasaron os anos e despois dun tempo decidíu voltar á súa aldea para visitar á súa familia pero cando chegou díxéronlle que seus pais xa morreran. Un día ía paseando pola beira do río, esbarou e caeu na auga. Por alí pasaba un mozo a cabalo que a socorreu. Comezaron a falar e os dous estaban moi a gusto xuntos. Quedaron para verse outros días pero chegou o momento en que Elvira tiña que partir de novo. Cando emprendeu a viaxe prometeulle ao mozo voltar axiña. E así o fixo pero cando chegou de volta enterouse que o mozo collera unha enfermidade moi grave e morrera facía uns días. Que mala sorte! pensou Elvira. En pouco tempo quedou sen a súa familia,

sen traballo e sen o seu namorado. Ao final casou co vello viúvo que resultou ser o pai do seu amado. Feliz o que se di feliz non foi pero viviu rodeada do cariño dos seus veciños e co recordo daquel mozo que a salvou das augas do río.

Tamén quero lembrar as miñas avoas porque elas son moi boas e desvívense por min, aínda que ás veces se pasan un pouco. Quixera que xa non cumpriran mais anos e non me deixaran nunca!!!

